



I

*Non hai xénero de escritura***TEXTO**

Endebén, non desconfío de que o tempo descubra diferentes manuscritos galegos, xa en prosa, xa en verso. É innegable que o século XIII foi o século da literatura en galego e que durou ata os principios do século XVI, e que duraría hoxe o escribir e imprimir en galego, como dura en Cataluña o imprimir en catalán puro. Non vin tomo escrito e impreso en galego, pero a impresión non fai nin padece para o caso de estudar, falar e escribir en galego. [435] Non poucas veces teño matinado en cäl foi a causa de que en Galicia se introducise o uso e abuso de escribir en castelán o que antes se escribía ou en latín ou en galego. Non hai xénero de escritura, testamento, venda, contrato, foro, arrendo, compra, troco, partillas, etc., que eu non vise e lese en Galicia ou en latín ou en galego. E pódense cangar carros deses instrumentos que se conservan en Galicia. Non tendo, pois, precedido nin concilio, nin cortes, nin consentimento uniforme dos galegos para actuar, outorgar, comerciar en lingua castelá, ¿quen o introduciu?

Frei Martín Sarmiento

CUESTIÓN

Le, comprende e interpreta este texto. Despois, relaciona a información deste escrito, tendo en conta o seu contexto histórico, coa situación lingüística do galego ao longo dos séculos e fai unha reflexión crítica sobre a posición sociolingüística do galego dende a Idade Media ata a actualidade.

Inclúe na túa redacción a distinción entre bilingüismo e diglosia argumentando cal destes conceptos se axusta á realidade galega de hoxe en día. Por último, consulta as principais iniciativas actuais de normalización da lingua galega e reflexiona sobre como contribúe a túa práctica lingüística a este proceso.

Planifica a túa composición e redacta un texto adecuado, coherente e cohesionado.

MATERIAIS DE APOIO

Libro de texto:

- O galego na Idade Media (páx. 50)
- O plurilingüismo (páx. 80)
- Bilingüismo, diglosia e normalización lingüística (páx. 104)
- O galego medio (páx. 155)
- O galego no século XIX (páx. 180)

En liña: <https://www.youtube.com/watch?v=n5hNsvQY1oQ>